

ESQUEMA DO TEMA 3. A ORGANIZACIÓN DA ECONOMÍA

1. QUE É A ACTIVIDADE ECONÓMICA?

- **Principal obxectivo** da economía: satisfacer as necesidades materiais dos seres humanos (mediante o consumo de bens e servizos).
- **Cando falamos de bens referímonos a:**
 - 1. Produtos tanxibles ou materiais:** mercadorías que se poden tocar (mobles....).
 - 2. Produtos intanxibles ou inmateriais:** servizos como o transporte, a sanidade, o consumo..
- **Principais partes implicadas na actividade económica:**
 - 1. Produtores:** persoas que interveñen na creación de bens e servizos.
 - 2. Consumidores:** persoas que acceden a eses bens e servizos co pago dunha cantidade de diñeiro.
- **Fases da actividade económica:**
 - 1. Produción:** de bens. Interveñen os recursos naturais, a tecnoloxía e o traballo.
 - 2. Distribución:** facer chegar os bens producidos aos consumidores.
 - 3. Consumo:** intercambio de bens mediante un pago monetario.
- **Os sectores económicos:**
 - 1. Sector primario:** actividades económicas que extraen ou recollen materias primas do medio natural.
 - 2. Sector secundario:** encárgase de transformar as materias primas en bens elaborados.
 - 3. Sector terciario:** proporciona servizos ás persoas co fin de satisfacer as súas necesidades.